



# aula

## CURROS ENRÍQUEZ

1851-1908

1967  
LETRAS  
ALEGAS

### a súa vida

**M**anuel Curros Enríquez naceu o 15 de setembro de 1851 en Celanova e morreu o 7 de marzo de 1908 en Cuba.

Foi un dos tres principais representantes do Rexurdimento da literatura galega, xunto a Rosalía de Castro e Eduardo Pondal.

Manuel Curros Enríquez, estudou dereito en Madrid, e máis tarde tivo que emigrar por motivos políticos a Londres.

Tralo seu regreso a España, militou no Partido Republicano Federal.

No ano 1894, trasladouse a vivir na capital de Cuba, A Habana, onde seguiu traballando na súa profesión máis habitual, a de periodista, no importante Diario da Marina. Alí fundou a revista Terra Galega.

No ano 1894 marchou a Cuba e foi nese país onde tomou partido a favor da independencia cubana.

### a súa obra

*Preto da cibdá de Ourense,  
camiño de Celanova,  
onde é máis tépedo o vento  
que a terra gallega azouta,  
dun círculo de montañas  
na faldra, sempre verdosa,  
esténdese un val frido,  
cuberto de herbas cheirosas,  
piñeirais e arboredos  
ricos de frutas e sombra.*

*Alí, pola primaveira,  
dispois de saír da escola,  
van os rapaces buscar  
freixós pra comer i apóutigas;*

*i as nenas, máis delicadas,  
e non como eles golosas,  
topan alí os caraveles  
con que os cabelos adoman,  
e fan, con espriego e néveda,  
ramiños que logo esfolan.*

*Deste val no medio e medio,  
entre edras e musgo  
envoltas,  
ergue as torres un castelo,  
feito alá n'eras remotas  
de pedra de sillería,  
cáxegue co tempo roxa.*



A VIRXE DO CRISTAL (1877). / AIRES DA MIÑA TERRA (1880.) / DIVINO SAINETE (1888).

